

USO BÁSICO DA PLÓTER

CPI UXÍO NOVONEIRA, PEDRAFITA DO CEBREIRO
EQUIPO DE POLOS CREATIVOS



materiais e ferramentas

Pode cortar goma eva, cartolinas, vinilo adhesivo, papeis, papel transfer... As ferramentas máis empregadas son: a **cuchilla estándar** (capuchón vermello), esta é a que se emprega a maior parte das veces; **cuchilla para materiais duros** como o acetato (capuchón amarelo) e **cuchilla para materiais grosos** como goma eva (capuchón azul). Estas ferramentas son moi fráxiles, é mellor ter repostos).

parámetros calibración

É necesario o **ensaio-erro** para obter un bo resultado. Convén ter unha táboa coas diferentes probas, tendo en conta o material empregado en cada caso e os diferentes parámetros que afectan: altura da ferramenta con respecto ao material, altura da cuchilla no portaobxectos, a velocidade e a presión.

Software

SINGMASTER PRO. A licenza será activada nun ordenador específico para a plóter. Se se quere empregar desde outro ordenador, previamente terá que desactivarse (no pode estar en dous ordenadores simultaneamente).

Concepto **OFFSET.** É moi importante indicarlle ao portaobxectos a ferramenta coa que vai traballar (especificar á hora de cortar ou repuxar).

Complementos

É preciso ter en conta que a plóter vén sen complementos que poden resultar de utilidade.



imaxes

Ter en conta que se vamos a cortar con letras, hai que marcar a opción "reflexo" para que nos apareza de forma correcta. As imaxes sempre teñen que ser vectoriais. Empregar papel transfer posteriormente co papel de vinilo adhesivo para conservar as partes da imaxe xuntas.

FUNCÍONS

Corte
Repuxado
Gravados en metal
Debuxo

